



Muiñeira

O pandeiro toca ben-he
se lle apretan os cordeles
/: os rapaces non son homes
mentres non teñen mulleres :/

Porque me vexas con outro
non me pérdalo cariño
porque onde hai moito lume
aínda queda un rescaldiño.

Esta casa coa miña
como é deste señor-e
/: cada esquina lle poñía
un ramalliño de flores.:/

Mira como llueve, llueve,
mira como está lloviendo,
/: mira como llueve, llueve.
augha del cielo caendo.:/

Deixame seca-la i-herba,
deixama poñer no feixe,
/: deixame deixa-lo mundo
para qu' o mundo me deixe.:/

O zapato quere a media
e a media quere o zapato
/: a nena que é bonita
tamén quere o amor ghuapo.: /

- O agharrado?
- É o agharrado.
- E era un pasodoble?
- Eso, era un pasodoble.
- E como iba?
- Iba así:



Pasodoble

Na beira, na beira,
na beira do mar.
/: hai unha Maruxa,
moi bonita i-é. :/
Na beira, na beira,
na beira do mar

Muiñeira

Non te cases cun ferreiro
que te queiman as muxicas
cásate cun carpinteiro
que che fai huchas bonitas.

Pasodoble

Ai la la... (baila)

Muiñeira

O maneo é muiñeira,
/: i-as rapaciñas d' aghora
teñen a pata lixeira. :/

- Isto é muiñeira pero o maneo é así:

Maneo

Entra i-o baile, morena,
entra i-o baile, salada,
entra i-o baile, morena,
i-a fase-la foliada.

E vai de rondiña
e vai de ronda
e vai de rondiña
/: a noite toda :/
e vai de rondiña
e vai de ronda.